



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA CELEBRADA O TRECE DE XULLO DE DOUS MIL VINTETRES, ORGANIZATIVA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL RESULTADO DAS ELECCIÓNS DO VINTEOITO DE MAIO DE DOUS MIL VINTETRES

O día 13 de xullo de 2023, ás 19:30 h, reuniuse o Pleno do Concello en sesión extraordinaria para os efectos de organizar a Corporación Municipal resultado das eleccións municipais do 28 de maio de 2023

ASISTENTES:

Presidente

José Manuel Mato Martínez

CONCELLEIROS/AS:

Partido Popular (PP)

María Josefa Álvarez Bugallo
Constantino Fernández Vila

Partido Galego (PG)

Juan Ramón Vidal Torrado
Raquel Fondo Pérez

Agrupación de electores Adiante por Ponteceso (AxP)

Roberto Alexandre Andrade de Santiago

Partido PSdeG-PSOE

Xosé Lois García Carballido
Noelia María Varela Suárez
José Manuel Nuñel Costa
Consuelo Martínez Lema

Bloque Nacionalista Galego (BNG)

Fátima Rodríguez González

Espazo Común (APIN-ESCO)

José Manuel Pose Verdes

AUSENTES:

Partido Popular:

José Luis Pena Romay

Secretaria: Antía Pena Dorado

Interventor: Francisco Javier Ulloa Arias



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Despois de comprobar que se cumpre o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o presidente declara aberta a sesión.

O presidente pide un minuto de silencio polos alcaldes e concelleiros do Concello que faleceron, a pedimento de varios veciños.

A continuación procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican a continuación:

1. Proposta de constitución dos grupos municipais

A secretaria le a proposta, que di:

<< PROPOSTA PLENO

CONSTITUCION DOS GRUPOS MUNICIPAIS E ASIGNACIONES AOS GRUPOS POLITICOS

Don Jose Manuel Mato Martínez, no uso das súas atribucións legalmente conferidas.

A vista das eleccións locais do día 28.05.2023 e da constitución da Corporación municipal de Ponteceso de data 17.06.2023, resulta necesario proceder ao establecemento da nova organización municipal en cumprimento do establecido na Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases de réxime local, e no Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como os artigos 11,12 e 13 do ROM

Os escritos dos distintos concelleiros electos en relación cos grupos municipais ó abeiro do establecido nos artigos 23 e 24 do ROF e artigos 74 e seguintes da Lei 5/1997, da Administración Local de Galicia, son os seguintes:

Grupo Municipal PP.

Jose Manuel Mato Martínez, voceiro
María Josefa Álvarez Bugallo
Constantino Fernández Vila
Jose Luis Pena Romay

Grupo Municipal PSdG PSOE.

Xose Lois García Carballido, voceiro
Noelia María Varela Suárez, voceiro suplente
Jose Manuel Nuñel Costa
Consuelo Martínez Lema

Grupo municipal Partido Galego

Juan Vidal Torrado, voceiro
Raquel Fondo Pérez, voceira suplente

Grupo municipal Adiante por Ponteceso

Roberto Alexandre Andrade de Santiago, voceiro



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Grupo municipal do BNG:

Fátima Rodríguez González, voceira

Grupo municipal APIN ESCO:

Jose Manuel Pose Verdes, voceiro

Logo de ver o informe de secretaría do 5.07.2023 no que se informa o seguinte en relación cos grupos municipais, grupo mixto e concelleiros non adscritos:

“O artigo 74.4 da Administración Local de Galicia de 1997 dispón que os membros que non obtiveran un mínimo e 2 escanos integraranse no grupo mixto, polo que de acordo con esta norma autonómica non sería legal a constitución de grupos municipais con so un concelleiro.

Se ben, dende o punto de vista da lexislación básica estatal (artigo 73.3 da Lei de Bases de réxime local, na redacción dada pola reforma do ano 2003) e da xurisprudencia na materia, o grupo mixto non existiría xa como tal e se os concelleiros non se integran en ningún grupo municipal serían considerados como “concelleiros non adscritos” a ningún grupo; o que implicaría que a pertenza a un grupo, configurado como un dereito-deber dos concelleiros, conlevaría a posibilidade de constituírse grupos municipais con un so concelleiro, postura doutrinal e xurisprudencial máis favorable ao dereito constitucional (artigo 23.2 CE) de participación política (tanto nos plenos como nas comisións informativas).

Non obstante, na comunidade autónoma de Galicia, en tanto en canto o citado artigo 74.4 non sexa revisado e adaptado á lexislación estatal básica e á xurisprudencia, ou ben declarado inconstitucional, debería aplicarse o mencionado artigo que regula o grupo mixto por ser unha norma vixente (pese as contradicións sinaladas e os problemas que pode conlevar na práctica).

En calquera caso, corresponderá ao Pleno da Corporación (STS) pronunciarse motivadamente ao respecto, considerando constituído o grupo mixto cos 3 concelleiros que so teñen un escano (ex artigo 74.4 da Lei galega), considerándoos aos tres concelleiros membros non adscritos a ningún grupo (ex artigo 73.3 da Lei básica estatal), ou considerando constituídos os tres grupos municipais cun so concelleiro cada un (postura doutrinal e xurisprudencial máis favorable ao dereito constitucional de participación política compatible co artigo 73.3 da Lei estatal básica”).

Sométese a seguinte proposta de acordo ao Pleno do Concello de Ponteceso:

PRIMEIRO.- Considerar constituídos os seguintes 6 grupos municipais no Concello de Ponteceso admitindo como grupo municipal aos concelleiros que so obtiveron un escano nas pasadas eleccións locais, seguindo a postura doutrinal e xurisprudencial máis favorable ao dereito constitucional de participación política compatible co artigo 73.3 da Lei de Bases de Réxime Local, que é lexislación estatal básica:

Grupo Municipal PP

Jose Manuel Mato Martínez, voceiro
María Josefa Álvarez Bugallo, primeiro voceiro suplente
Constantino Fernández Vila, segundo voceiro suplente
Jose Luis Pena Romay

Grupo Municipal PSdG PSOE

Xose Lois García Carballido, voceiro
Noelia María Varela Suárez, voceiro suplente



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Jose Manuel Nuñez Costa
Consuelo Martínez Lema

Grupo municipal Partido Galego

Juan Vidal Torrado, voceiro
Raquel Fondo Pérez, voceira suplente

Grupo municipal Adiante por Ponteceso

Roberto Alexandre Andrade de Santiago, voceiro

Grupo municipal do BNG:

Fátima Rodríguez González, voceira

Grupo municipal APIN ESCO:

Jose Manuel Pose Verdes, voceiro

O Alcalde/ Jose Manuel Mato Martínez>>

O presidente abre o debate.

A concelleira Fátima Rodríguez González agradece a consideración da Alcaldía nesta proposta separándose do criterio doutros alcaldes da contorna do PP que non tiveron esta consideración de deixar que os partidos cun único representante se constitúan como grupo municipal.

O presidente dá as grazas.

O concelleiro Roberto Alexandre Andrade di que valora positivamente a proposta da Alcaldía e que están de acordo coa secretaria neste asunto.

O presidente somete a aprobación a proposta.

O Pleno do Concello aproba a proposta por oito (8) votos a favor (3 do PP, 2 do PG, 1 de AxP, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO) e catro (4) abstencións (4 do PSdeG-PSOE,).

2. Proposta de creación, composición e formación da Comisión informativa de asuntos preparatorios de Pleno

A secretaria le a proposta.

<< PROPOSTA DE ALCALDÍA

Celebradas as eleccións locais que tiveron lugar o pasado día 28 de maio de 2023, e constituída a nova Corporación con data 17 de xuño de 2023, resulta necesario proceder, de acordo ca lexislación vixente e co Regulamento Orgánico Municipal (artigos 60 a 63), á creación e composición das Comisións Informativas permanentes.

Tendo en conta que de conformidade co disposto pola normativa autonómica, constituída pola Lei



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

5/1997, de 22 de Xullo, de Réxime Local de Galicia, en concordancia cos artigos 134 e seguintes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (en adiante ROF), corresponde ó Pleno de cada Corporación determinar o número e denominación destas Comisions Informativas de estudo e dictame, tanto cando nacen con vocación de permanencia por obedecer á estrutura do ámbito competencial do Concello, como cando nacen con carácter temporal co obxecto de tratar de temas específicos.

Tendo en conta que de conformidade co precepto citado, estas Comisions deberán estar integradas polos membros que designen os diferentes Grupos Políticos que forman parte da Corporación, en proporción á súa representatividade neste Concello.

Esta Alcaldía, de conformidade coa la lexislación autonómica antes mencionada, en concordancia cos artigos 123 e seguintes do ROF, en todo aquilo que non se opoña, contradiga ou resulte incompatible cas normas anteriores, propón ó Pleno do Concello a adopción dos seguintes

Acordos

Primeiro: Crear a seguinte comisión informativa de carácter permanente:

Comisión informativa de asuntos preparatorios de pleno.

A súa composición será a seguinte en aplicación do voto ponderado:

- O Alcalde (PP) que actuará como presidente, tendo o seu voto o valor de 30,76%
- 1 membros do PSdG PSOE tendo o seu voto o valor do 30,76%
- 1 membro do PG tendo o seu voto o valor de 15,38%
- 1 membro do AXP tendo o seu voto o valor de 7,69
- 1 membro do BNG tendo o seu voto o valor de 7,69%
- 1 membro do APIN- ESCO tendo o seu voto o valor de 7,69%

Segundo:- As funcións destas Comisiones Informativas de carácter permanente, serán o estudio e dictame previo dos asuntos que se sometan á decisión do Pleno ou da Xunta de Goberno Local e da Alcaldía, nestos dous últimos supostos cando estes órganos actúen por delegación de aquél, podendo intervir tamén en relación con outros asuntos que non sexan da competencia do Pleno da Corporación, cando o órgano competente lles solicite o seu dictame.

A efectos de control e seguimento da xestión dos órganos ós que anteriormente se fixo referencia, recoñecese o dereito de tódolos Concelleiros membros das Comisions Informativas de poder consultar, directa e personalmente, os libros de resolucions e os libros de actas da Xunta de Goberno Local custodiados na Secretaria Xeral da Corporación.

Terceiro:- Estas Comisiones, celebrarán reunións de acordo co réxime de sesións establecido polo Regulamento Orgánico Municipal cas particularidades que, en execución das súas previsións, estableza cada unha das Comisions na súa sesión constitutiva, podendo celebrar sesións extraordinarias cando o Presidente o decida, ou cando o solicite a cuarta parte, como mínimo, do seu número legal de membros.

Cuarto:- Comunicar este acordo ós diferentes Grupos Políticos Municipais, facéndolles saber que deberán designar os seus representantes en cada Comisión, notificándoo por escrito ó Secretario Xeral da Corporación no prazo dunha semana a contar dende a adopción do presente acordo, quedando facultado o señor Alcalde para, mediante Decreto, proceder ó seu nomeamento.

O Alcalde/ Jose Manuel Mato Martínez>>



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

O presidente abre o debate.
Non houbo debate.

O presidente somete a aprobación a proposta.

O Pleno do Concello aproba a proposta por oito (8) votos a favor (3 do PP, 2 do PG, 1 de AxP, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO) e catro (4) abstencións do PSdeG-PSOE.

3. Proposta de composición e formación da Comisión especial de contas

A secretaria le a proposta.

<< PROPOSTA DA ALCALDÍA

D. JOSE MANUEL MATO MARTÍNEZ, ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTECESO (A CORUÑA)

Visto o artigo 20.1. c) da LRBRL que sinala que nos municipios de mais de 5.000 habitantes e nos de menos cando así o dispoña o seu Regulamento Orgánico (artigo 63) ou o acorde o Pleno, existirán, se a lexislación autonómica non prevé neste ámbito outra forma organizativa, órganos que teñan por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que han de ser sometidos á decisión do Pleno.

Vistos o artigo 127 do ROF a Comisión Especial de Contas é de existencia preceptiva, segundo dispón o artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e a súa constitución, composición e integración e funcionamento axustarase ó establecido para as demais Comisións Informativas.

Corresponde á Comisión Especial de Contas o exame, estudo e informe de todas as contas, orzamentarias e extraorzamentarias, que daba aprobar o Pleno da Corporación, de acordo co establecido na lexislación reguladora da contabilidade das Entidades Locais.

Visto o artigo 125 b) do ROF que sinala que cada comisión estará integrada de forma que a súa composición se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na Corporación.

Visto o informe de secretaría do 3 de xullo de 2023

Visto o artigo 46.2.a da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local é polo que elevo ó Pleno a seguinte,

PROPOSTA

PRIMEIRO.- A creación da Comisión Especial de Contas, que informará e emitirá ditame, en todo caso no expediente de aprobación da Conta Xeral do Orzamento Municipal, *así coma en todos os asuntos relativos a economía e facenda*.

SEGUNDO.- A composición da citada Comisión Especial de Contas, cuxa presidencia corresponde ó Sr. Alcalde- Presidente será a seguinte, en aplicación do voto ponderado:

- O Alcalde (PP) que actuará como presidente, tendo o seu voto o valor de 30,76%
- 1 membro do PSdG PSOE tendo o seu voto o valor do 30,76%
- 1 membro do PG tendo o seu voto o valor de 15,38%
- 1 membro do AXP tendo o seu voto o valor de 7,69%
- 1 membro do BNG tendo o seu voto o valor de 7,69%
- 1 membro do APIN- ESCO tendo o seu voto o valor de 7,69%



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

TERCEIRO.- Ós efectos de constituír a citada Comisión coa maior brevidade posible, os portavoces dos grupos municipais do PsdG PSOE,PG, AXP, BNG E APIN-ESCO deberán comunicar o nome do Concelleiro designado para formar parte da citada Comisión. É canto teño a ben propoñer ó Pleno da Corporación, non obstante este acordará o que estime pertinente.

O Alcalde/ José Manuel Mato Martínez>>

Non houbo debate.

O presidente somete a aprobación a proposta.

O Pleno do Concello aproba a proposta por oito (8) votos a favor (3 do PP, 2 do PG, 1 de AXP, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO) e catro (4) abstencións do PSdeG-PSOE.

4. Proposta de aprobación da periodicidade das sesións plenarias

A secretaria le a proposta.

<< PROPOSTA DA ALCALDÍA

D. JOSE MANUEL MATO MARTÍNEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTECESO

Visto o establecido nos artigos 77 e seguintes do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, segundo os que as sesións do Pleno de carácter ordinario son aquelas nas que a periodicidade está preestablecida, fixándoas o propio Pleno en sesión extraordinaria, que se celebrará dentro dos trinta días seguintes.

Visto o artigo 46.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 11/1999, de 21 de abril, “O Pleno celebrará sesión ordinaria como mínimo cada dous meses nos Concellos dos municipios dunha poboación entre 5001 e 20000 habitantes”.

Vista a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia que sinala no artigo 210.2.a) que “O Pleno realizará sesión ordinaria, como mínimo, cada dous meses”.

Logo de ver o artigo 32 do ROM que establece que “. O Pleno celebrará sesión ordinaria unha vez cada dous meses, agás no mes de agosto que se declara inhábil para estes efectos.

Na sesión extraordinaria que hai que convocar dentro dos trinta días seguintes ao da sesión constitutiva da Corporación, por proposta do alcalde, o Pleno acordará o día e a hora na que haberá que celebrar as sesións ordinarias, en primeira convocatoria e dous días despois á mesma hora en segunda convocatoria. O alcalde poderá, por causa xustificada, adiantar ou retrasar as datas e as horas da convocatoria, mesmo no suposto de que o novo día fixado non estivera comprendido no mes correspondente.”

Tendo en conta os anteriores antecedentes é polo que elevo ó Pleno a seguinte

PROPOSTA

PRIMEIRO.- Que os Plenos ordinarios se celebren con periodicidade bimensual, coincidindo cos meses impares, segundo o seguinte calendario e horarios: o derradeiro xoves hábil de cada mes, ás dezanove horas e trinta minutos da tarde, exceptuando o mes de agosto



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

SEGUNDO.- Establece-la posibilidade de demora ou anticipo nunha semana da data de celebración das sesións ordinarias, se por causas debidamente xustificadas derivadas da ausencia da Alcaldía, da natureza dos asuntos a tratar, ou da coincidencia das datas con días festivos así resulte conveniente, e mantendo en todo caso o punto preceptivo de “Rogos e Preguntas” e de control dos órganos corporativos segundo a redacción dada ó apartado e) do art. 46.2 da Lei 7/1985 pola Lei 11/1999, de 21 de abril modificadora da mesma.

TERCEIRO.- As notificación dos diferentes órganos colexiados farase de forma telemática así como a través do enderezo electrónico facilitado por todos os membros da corporación

É canto teño a ben propoñer ó Pleno da Corporación. Non obstante, este acordará o que estime pertinente.

O Alcalde- Presidente/José Manuel Mato Martínez>>

O presidente abre o debate.

O concelleiro José Manuel Pose pregunta se este mes hai sesión plenaria ou non, por ser mes impar.

O presidente contéstalle que vai haber sesión plenaria a primeira semana do mes de agosto.

A concelleira Fátima Rodríguez di que non está de acordo nin coa hora nin co día propostos. Di que convocando a sesión para o xoves se lles rouban horas de preparación ás persoas concelleiras que non teñan dedicación nin teñan a documentación a fin de semana previa á sesión. Considera que poñer a sesión ás 19:30 h complica que a veciñanza poida acudir e considera que a hora máis oportuna é ás 20:30 h.

O alcalde dille que se estudarán os seus pedimentos e que lle contestará na próxima sesión.

Non houbo máis intervencións.

O presidente somete a proposta a aprobación.

O Pleno do Concello aproba a proposta por seis (6) votos a favor (3 do PP, 2 do PG e 1 de AxP), un (1) voto do BNG en contra e cinco (5) abstencións (4 do PSdeG-PSOE e 1 de APIN-ESCO).

5. Proposta de representación en órganos colexiados

A secretaria le a proposta.

<< PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o art. 38.c) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organizacións, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais segundo o que “O Alcalde convocará dentro dos trinta días seguintes á sesión constitutiva a sesión ou sesións extraordinarias do Pleno, a fin de resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados, que sexan da competencia do Pleno”.

Por todo isto, elevo ó Pleno a seguinte



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

PROPOSTA

PRIMEIRO.- Designar como representante municipal nos CONSELLOS ESCOLARES dos centros docentes públicos deste municipio á concelleira María Josefa Álvarez Bugallo:

No CEIP Eduardo Pondal

- *No CEIP As Forcadas*
- *No CRA Nosa Señora do Faro*
- *No IES Eduardo Pondal- Ponteceso.*
- *Na escola infantil "Galiña Azul".*

SEGUNDO.- Nomear representante da Corporación na Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega á concelleira María Josefa Álvarez Bugallo

TERCEIRO.- Nomear representante no Consello de Dirección do "PARQUE ARQUEOLÓXICO DO MEGALITISMO NA COSTE DE MORTE", en relación ao convenio polo que se establecen as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e os Concellos da Laracha, Cabana de Bergantiños, Carballo, Dumbría, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Ponteceso, Vimianzo e Zas, á concelleira María Josefa Álvarez Bugallo

CUARTO Nos restantes órganos Colexiados en que poda corresponder a representación da corporación, será ostentada pola Alcaldía, de conformidade co art. 21.1.b da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local.

QUINTO este acordo ós directores dos centros docentes afectados, así como ós concelleiros designados para o seu coñecemento e efectos.

O Alcalde- Presidente/ Jose Manuel Mato Martínez>>

O presidente abre o debate.

O concelleiro José Manuel Pose di que non entende que habendo 7 concelleiros ou polo menos 6 no grupo de goberno todas estas representacións as teña a mesma persoa porque nos centros hai reunións bastantes veces e vai ser complicado que a concelleira poida asistir a todas. Debería haber outra persoa representante para repartirse entre elas os centros.

A concelleira Fátima Rodríguez di que respecto ao nomeamento de representante na Asociación de Entidades pola lingua entende que debería ser a persoa que leve a Área de Normalización pero que esa área non aparece na relación de competencias, polo que non sabe se lle correspondería a María Josefa Álvarez Bugallo e incorporar a Área de Normalización na súa carteira de competencias ou se non lle correspondería ese nomeamento. Tamén di que lle sorprende o nomeamento desa concelleira como representante no Parque Arqueolóxico do Megalitismo na Costa da Morte cando a Área de Patrimonio a ten reservada a Alcaldía.

O alcalde dille que el ten multitude de tarefas durante todo o día e que ten que delegar parte do seu traballo nos seus compañeiros.

Fátima Rodríguez dille que podería cederlle as competencias de Patrimonio e de Normalización a esa concelleira.

Non houbo máis intervencións.

O presidente somete a proposta a aprobación.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

O Pleno do Concello aproba a proposta por seis (6) votos a favor (3 do PP, 2 do PG e 1 de AxP) e seis (6) abstencións (4 do PSdeG-PSOE, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO).

6. Proposta de Mesa de contratación permanente

A secretaria le a proposta.

<< PROPUESTA DE ALCALDÍA

A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, no seu artigo 326, regula a constitución, composición e funcións a desenvolver pola mesa de contratación, e na mesma Lei 9/2017 e en relación ás Entidades Locais na súa Disposición Adicional Segunda, no apartado 7, dispón:

“7. La Mesa de contratación estará presidida por un membro de la Corporación o un funcionario de la misma, y formarán parte de ella, como vocales, el Secretario o, en su caso, el titular del órgano que tenga atribuida la función de asesoramiento jurídico, y el Interventor, o, en su caso, el titular del órgano que tenga atribuidas la función de control económico-presupuestario, así como aquellos otros que se designen por el órgano de contratación entre el personal funcionario de carrera o personal laboral al servicio de la Corporación, o miembros electos de la misma, sin que su número, en total, sea inferior a tres. Los miembros electos que, en su caso, formen parte de la Mesa de contratación no podrán suponer más de un tercio del total de miembros de la misma. Actuará como Secretario un funcionario de la Corporación.

En las Entidades locales municipales, mancomunidades y consorcios locales, podrán integrarse en la Mesa personal al servicio de las correspondientes Diputaciones Provinciales o Comunidades Autónomas uniprovinciales.

En ningún caso podrá formar parte de las Mesas de contratación ni emitir informes de valoración de las ofertas, personal eventual. Podrá formar parte de la Mesa personal funcionario interino únicamente cuando no existan funcionarios de carrera suficientemente cualificados y así se acredite en el expediente.

La composición de la Mesa se publicará en el perfil de contratante del órgano de contratación correspondiente. Se podrán constituir Mesas de Contratación permanentes.”

Logo de ver a Disposición adicional segunda, párrafo segundo, que indica que: *Corresponden aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades Locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.*

2. Corresponden ao Pleno as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos mencionados no apartado anterior que celebre a Entidade Local, cando polo seu valor ou duración non correspondan ao Alcalde ou Presidente da Entidade Local, conforme ao apartado anterior. Así mesmo, corresponde ao Pleno a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas xerais aos que se refire o artigo 121 desta Lei.

Logo de ver o disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, LCSP, e en especial a disposición adicional segunda Propoño ao Pleno da Corporación



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

1º.- Constituir a Mesa de Contratación do Concello de Ponteceso, co carácter de permanente para a súa intervención en todos os procedementos de contratación de competencia de Pleno, de conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda, apartado 1,2 e apartado 7, da Lei 9/2017, LCSP, coa seguinte composición:

Presidente:

Titular: D Jose Manuel Mato Martínez, Sr. Alcalde.

Suplente: D. Constantino Fernández Vila.

Vogais:

Primeiro vogal: A/o secretaria/o titular do Concello de Ponteceso

Suplente: funcionario/a que legalmente o substitúa..

Segundo vogal: A/o interventora/o titular do Concello de Ponteceso funcionario que legalmente a substitúa..

Suplente: funcionario/a que legalmente a substitúa.

Terceiro vogal: D. Emilio Caínzos Quintás, funcionario municipal

Suplente: D. Fernando Naya Abeleira, funcionario municipal

Cuarto Vogal: Roberto Alexandre Andrade de Santiago

Suplente: Julia Ures Villar

Secretario: D. José Manuel Ordóñez Barca, funcionario municipal

Suplente: María José Sueiro Pose, funcionaria municipal.

2º.- Publicar o anuncio no BOP para xeral coñecemento e dar cumprimento ao trámite de publicidade

3º.- Notificar aos membros da mesa de contratación

O Alcalde- Presidente/ Jose Manuel Mato Martínez>>

O presidente abre o debate.

Roberto Alexandre Andrade di que valora positivamente a proposta e que o seu grupo forme parte da Mesa de contratación para buscar a máxima transparencia nos procedementos de contratación.

O presidente somete a proposta a aprobación.

O Pleno do Concello aproba a proposta por seis (6) votos a favor (3 do PP, 2 do PG e 1 de AxP) e seis (6) abstencións (4 do PSdeG-PSOE, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO).

7. Proposta de delegación de competencias do Pleno na Alcaldía e na Xunta de Goberno Local

A secretaria le a proposta.

<< PROPOSTA DA ALCALDÍA

D. JOSE MANUEL MATO MARTÍNEZ; ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTECESO (A CORUÑA)

Visto o artigo 20.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, conforme co cal a Xunta de Goberno Local existirá en todos os municipios de máis de 5.000 habitantes

Vistos os artigos 24.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, artigo 23.2 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por RDL 781/86, de 18 de abril e o artigo 51 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Visto que o Pleno do Concello pode delegar calquera das súas atribucións no Alcalde e na Xunta de Goberno Local, coa excepción das enumeradas no artigo 23.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Tendo en conta que o acordo de delegación conterà o ámbito dos asuntos e as facultades concretas que se delegan, así como as condicións específicas de exercicio das mesmas na medida en que se concreten ou aparten do réxime xeral previsto neste Regulamento.

Tendo en conta o informe de secretaría do 5.07.2023

Por todo isto, é polo que elevo ó Pleno a seguinte

PROPOSTA

PRIMEIRO.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias do Pleno, en virtude do artigo 22.2 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local:

1º.- A concertación das operacións de tesourería cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por 100 dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior.

2º.- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

3º.- As competencias que como órgano de contratación corresponden ó Pleno, respecto dos contratos non mencionados no apartado 1 da Disposición adicional segunda do Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014. que celebre a entidade local, en concreto, os seguintes:

* Contratos de obras, de subministro, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento e, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración sexa superior a catro anos e os plurianuais de menor duración sempre que o importe acumulado de todas as anualidades supere o porcentaxe indicado, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio e, en todo caso, cando sexa superior a contía sinalada con anterioridade, conferindo ó órgano delegado a resolución dos recursos de reposición contra os actos ditados por este.

4º.- As adjudicacións de concesións sobre os bens da Corporación e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento e o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor supere o porcentaxe e a contía indicados, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor.

5º.- A autorización ou denegación de compatibilidade do persoal ao servizo da entidade local para un segundo posto ou actividade no sector público, así como a resolución motivada recoñecendo a compatibilidade ou declarando a incompatibilidade do citado persoal para o exercicio de actividades da entidade local, a que se refiren os artigos 9 e 14 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

SEGUNDO.- Delegar no Alcalde as seguintes competencias do Pleno, en virtude do artigo 22.2 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local:

1º.- O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materia de competencia plenaria.

2º.- A declaración de lesividade dos actos do Concello.

TERCEIRO.- As delegacións referidas efectúanse nos termos do réxime xeral establecido no ROF, abarcando tanto as facultades de dirección e xestión como a de resolución mediante actos e acordos administrativos que afecten a terceiros.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CUARTO.- O acordo plenario polo que se produza a delegación, que se adoptará por maioría simple, xurdirá efectos desde o día seguinte ó da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

O Alcalde/ Jose Manuel Mato Martínez

Ante min, a Secretaria/ Antía Pena Dorado (conforme cos aspectos xurídicos)>>

O presidente abre o debate.

Roberto Alexandre Andrade di que o seu grupo non pode votar a favor deste punto, porque Pontevedra está gobernado en minoría, polo que o seu grupo considera que o Pleno debe asumir as súas competencias.

O presidente somete a proposta a aprobación.

O Pleno do Concello aproba a proposta por cinco (5) votos a favor (3 do PP e 2 do PG) e sete (7) abstencións (4 do PSdeG-PSOE, 1 do BNG, 1 de AxP e 1 de APIN-ESCO).

8. Proposta de determinación dos cargos da Corporación

A secretaria le a proposta.

<< PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Determinación dos cargos da Corporación a desempeñar en réxime de dedicación exclusiva e parcial, as súas retribucións, réxime de dedicacións, así como fixación das contías a percibir en concepto de asistencias e indemnizacións.

Vista a providencia de Alcaldía de data 10.07.2023 onde se formula proposta de acordos organizativos e retributivos co obxecto de se proceda a súa fiscalización por parte do interventor municipal.

Visto informe favorable de data 10.07.2023 por parte do departamento de intervención.

Tendo en conta canto antecede formulo á Corporación a seguinte proposta de acordos a adoptar:

Primeiro: Determinar os seguintes cargos da Corporación para o seu desempeño en réxime de dedicación exclusiva cos dereitos e as obrigas que iso comporta, e coa retribución bruta anual seguinte:

- Concelleiro delegado da Area de Obras, Infraestructuras, Urbanismo, Festexos e actos públicos. 32.400 € en 14 pagas.
- Concelleira delegada na área de Servizos Sociais, Sanidade, Igualdade ,Muller, Familia e Educación 27.000 € en 14 pagas.

Segundo: Determinar o seguinte cargo da Corporación para o seu desempeño en réxime de dedicación parcial dun 75%, cunha dedicación mínima de 29 horas semanais, preferentemente de 8:30 a 15:00 horas, de luns a venres, e coa retribución bruta anual seguinte:

- Alcalde-presidente: 36.000,00 €, en 14 pagas.

Terceiro: Determinar o seguinte cargo da Corporación para o seu desempeño en réxime de



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

dedicación parcial dun 50%, cunha dedicación mínima de 20 horas semanais, preferentemente de 8:30 a 15:00 horas, de luns a venres, e coa retribución bruta anual seguinte:

Concelleira delegada na área de Deportes, 16.200 € en 14 pagas.

Cuarto: As retribucións dos concelleiros estarán suxeitas ás variacións que se fixen para o persoal das administracións públicas na Lei de orzamentos xerais do Estado.

Quinto: Os membros da Corporación que non teñan dedicación parcial percibirán pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte as seguintes contías:

Plenos	100 €
Comisións Informativas	100 €
Xunta de Goberno Local:	100 €
Outros órganos colexiados	100 €

A asistencia a varias sesións do Pleno, Xunta de Goberno Local ou Comisións Informativas que teñan lugar nun mesmo día, computaranse como unha soa asistencia. Los funcionarios asistentes non terán dereito a cobro por asistencia a órganos colexiados sempre que sexan dentro da xornada laboral (8.00 a 15.00). De ser foran de xornada percibirán a mesma indemnización que en ningún caso será compatible con outras percepcións como gratificacións, productividades ou compensacións en tempo de lecer.

Quinto: Os membros da Corporación que realicen comisións de servizo fóra do termo municipal terán dereito a ser indemnizados mediante axudas de custo polo importe establecido para o Grupo I no Real decreto 462/2002, do 24 de maio. Terán, así mesmo, dereito a ser indemnizados polos desprazamentos que realicen dentro do termo municipal por razón de servizo.

En todo caso, no relativo ao réxime de xustificación e abono das indemnizacións, resultará de aplicación o sinalado no Real decreto 462/2002 e demais normativa estatal vixente na materia.

Sexto: De conformidade co establecido no artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, publíquense integramente no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de anuncios da Corporación e páxina web municipal, os anteriores acordos.

O alcalde/ D. José Manuel Mato Martínez>>

O presidente abre o debate.

Xosé Manuel Pose di que non entende moi ben por que un concelleiro con dedicación exclusiva cobra 32.400 € e unha concelleira con dedicación exclusiva e que ten máis ou menos as mesmas competencias non cobra 32.400 € e máis vendo que outra concelleira cobra exactamente a metade do soldo do concelleiro e que polo tema da igualdade deberían ter o mesmo soldo. Tamén di que non ve o da dedicación parcial do alcalde, que o alcalde é alcalde as 24 horas do día e que polo tanto non debería dedicarse a outras cousas e que ou ben se dedica a outras cousas e non cobra ou ben cobra e se dedica a ser alcalde.

Fátima Rodríguez di que reitera o que comentou o concelleiro José Pose Verdes respecto a que



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

existan dúas dedicacións exclusivas pero que unha persoa cobre 9.000 € máis que outra e isto vai en detrimento da igualdade e isto é unha cuestión discriminatoria para unha muller, a maiores cando esta persoa está nomeada en todos os órganos colexiados que vimos no punto anterior, incluído o parque do megalitismo que é unha área que ten reservada o alcalde. Tamén di que bota en falta que non haxa unha área de Normalización cando Ponteceso é o berce de Pondal. Considera que á concelleira responsable da área de Deportes, cunha retribución de 16.200 €, poderíanselle asignar máis competencias. Di que Ponteceso precisa un alcalde a tempo completo despois dos catro anos anteriores e á vista da situación do Concello e que non está de acordo co 75% de dedicación do alcalde.

O alcalde di que entra na Casa do Concello ás 7.00 h e que volve á última hora da tarde. Explica que Ponteceso é un dos poucos concellos que ten técnica de Normalización e que se usa o servizo de xeito coherente.

Fátima Rodríguez di que considera que debería haber unha concellería que recollese esa competencia.

O alcalde di que toma nota.

Roberto Alexandre Andrade di que as retribucións dos membros da Corporación deben ser dignas e suficientes para manter un nivel de vida adecuado e para poder asegurar a dedicación ao servizo público. Considera que agora mesmo non se pode valorar se as retribucións son altas ou baixas. Di que o seu grupo comparte as consideracións do interventor e opina que as retribucións do alcalde e da concelleira María Josefa Álvarez Bugallo están dentro dos parámetros razoables, que lle parecen insuficientes as retribucións do primeiro tenente de alcalde xa que na práctica non vai xestionar nada, pois a Policía Local e o GES funcionan correctamente a través dos seus responsables. Polo que respecta á área de Deportes, considera que lle parecen excesivas as retribucións porque esa área non ten a responsabilidade nin precisa unha dedicación de 20 horas, polo que entende que pode ser legal pero non é ético nin aceptable porque o Concello xa conta con persoal suficientemente preparado. Comenta que non aparece reflectido o horario desa concelleira. Pídelle ao alcalde que reflexione e que amplíe as áreas de Raquel Fondo e do primeiro tenente de alcalde para xustificar os seus soldos. Critica que o alcalde acumule áreas en exceso e non teña delegado competencias no cuarto concelleiro do Partido Popular. Di que, a pesar das irregularidades éticas, o seu grupo vai votar a favor da proposta do alcalde a pesar de non estar conforme con algunhas das delegacións nin coas asignacións a algún dos concelleiros, que o fan aínda que o alcalde governe en minoría para chegar á estabilidade institucional e o goberno poida desenvolver as súas funcións. Di que o voto a favor non é gratis e que van controlar a actividade do goberno.

O alcalde dille que a proposta é produto dunha negociación porque gobernan en minoría. Tamén lle di que o día da Festa do Percebe o concelleiro de Seguridade, Juan Vidal, estivo traballando sen recompensa económica e que a coordinar a Policía Local, Protección Civil e o GES é importante.

Xosé Lois García di que neste punto vital porque se trata de xestionar os recursos públicos e sempre respectando a cortesía dos 100 días ao goberno que entra, que non está recollido na lexislación pero si que é de cortesía, o seu grupo cre que hai que trazar unha liña moi determinada sobre as retribucións dos membros ao servizo do Concello de Ponteceso en cargos electos. Non se pode esquecer que Ponteceso perdeu un plan de obras e servizos, un plan social e unha



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

subvención de 2.000.000 do IDAE e que o Partido Popular foi clave nesa perda, unha decisión que tomaron as persoas que formaban parte do Pleno e que tiñan consultado coas delegacións provinciais e as direccións galegas do partido e tamén unha concelleira do Partido Galego que tamén era concelleira. Por iso o Partido Socialista vai propoñer que os concelleiros e concelleiras do Partido Popular e a concelleira Raquel Fondo traballen gratis para o Concello ata que se recuperen os máis dos 3.000.000 que o Concello perdeu. Nos oito anos anteriores nos que fun alcalde houbo moitos concelleiros e concelleiras e mesmo o alcalde que traballaron sen ningún tipo de retribución. Por iso propoñemos que o primeiro tenente de alcalde teña unha dedicación exclusiva ao igual que apoiaríamos que o portavoz de Adiante por Ponteceso, partido que apoiou a investidura do alcalde, tivese unha dedicación exclusiva.

O alcalde dille que el, Xosé Lois García, lle pediu a el, a José Manuel Mato, que falase co Partido Popular para que os membros do Partido Popular nese momento cambiasen o sentido do voto, que os membros do Partido Popular naquel momento tomaron as súas decisións e que os seus compañeiros de partido se comportaron e se comportan con ética desde o primeiro momento e que na campaña electoral foron respectuosos co resto de partidos. Dille que non lle fale do anterior Partido Popular, que agora hai un novo Partido Popular, que o que o que el propón o hai que someter a votación e que ten tres minutos para responder.

Xosé Lois García contesta que o seu grupo mantén a súa proposta de que traballen sen cobrar ata que consigan recuperar os cartos que o Concello perdeu por malas decisións do Partido Popular e da concelleira do Partido Galego. Di que van deixar eses cen días de diplomacia política para que o novo goberno arranque pero si que cren que se pode traballar para o Concello sen cobrar para intentar recuperar os cartos que se perderon. Pide unha dedicación exclusiva para o primeiro tenente de alcalde.

O alcalde dille que el non está en Política para facerlle dano a ninguén, que el é autónomo e que tanto el como os seus compañeiros teñen que levarlle de comer ás súas familias, que non lle fale de traballar gratis porque xa o fixo en colectivos nos que formou parte.

Xosé Lois García di que a proposta do Partido Socialista é unha dedicación exclusiva para Juan Vidal Torrado, unha dedicación exclusiva para Roberto Andrade, se quere entrar a formar parte do Goberno e que os membros do Partido Popular e Raquel Fondo traballen gratis para o Concello.

José Manuel Pose propón revisar os salarios, de conformidade coa súa anterior intervención.

Juan Ramón Vidal agradece a Xosé Lois García e di que a proposta do Goberno é a proposta do Partido Galego, polo tanto consideran que non hai nada que variar. Di que na anterior lexislatura non había representación do Partido Galego, polo que é imposible que ninguén dese partido votase en contra, que a súa compañeira, Raquel Fondo, naquel momento formaba parte do Partido Socialista que tiña oito concelleiros e que ao ano quedou con tres, que a máxima responsabilidade do que pasou é de Xosé Lois García que tiña unha maioría absoluta e que a rompeu.

Xosé Lois García contesta dixo que el dixera que o Partido Galego non estivera na anterior lexislatura.

Fátima Rodríguez di que vai cambiar o sentido do seu voto porque está a favor de que as persoas que estean na Política cobren, polo que se vai abster.

O alcalde di que cre que os salarios asignados están na orde dos demais concellos.

Roberto Alexandre Andrade di que quere aclararlle a Xosé Lois García que o concelleiro que vai



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

substituír ao alcalde non é o primeiro tenente de alcalde e non o concelleiro Constantino Fernández.

O alcalde di que hai un equipo de goberno unido, que Juan Vidal xa o substituíu cando tivo reunións nas consellerías e que o concelleiro Constantino Fernández atendía as obras, polo que Concello quedou ben atendido, que Juan Vidal está atendendo diariamente a oficina municipal de Corme.

Xosé Lois García contéstalle a Roberto Alexandre Andrade que as substitucións do alcalde están reguladas no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) e que as hai que facer por orde das Tenencias da Alcaldía.

Sométese a votación a enmenda proposta polo PSdG PSOE que consiste é unha dedicación exclusiva para Juan Vidal Torrado, unha dedicación exclusiva para Roberto Andrade, se quere entrar a formar parte do Goberno e que os membros do Partido Popular e Raquel Fondo traballen gratis para o Concello acadando o seguinte resultado:

Votos a favor :4 PSdG PSOE

Abstencións: 0

Votos en contra: 8 (3 do PP, 2 PG, 1 AXP, 1 BNG e 1 APIN ESCO)

Polo que a enmenda proposta non se aproba.

De seguido o presidente somete a proposta a aprobación.

O Pleno do Concello aproba a proposta por seis (6) votos a favor (3 do PP, 1 de AxP e 2 do PG), catro (4) votos en contra e dúas (2) abstencións (1 do BNG e 1 de APIN-ESCO).

9. Proposta de creación de persoal eventual

A secretaria le a proposta.

<< PROPOSTA DE ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN APROBACIÓN DE PRAZAS E POSTOS DE PERSOAL EVENTUAL

Vista a proposta de Alcaldía de data 7 de xullo de 2023 fiscalizada favorablemente na mesma data polo interventor municipal con galo de poder crear un posto de persoal eventual con funcións de asesorar a esta Alcaldía, e servir de apoio na labor de xestión e coordinación do goberno municipal, elevamos o Pleno a seguinte

PROPOSTA

1º.- Aprobar a modificación do Cadro de Persoal deste concello, apartado de persoal eventual, para a creación dun asesor/a de Alcaldía co seguinte detalle:

Posto	Funcións	Subgrupo	Comp. Destino	Comp.Específico	Xornada
Asesor/a Alcaldía	De confianza	C-1	20	13.766,20 €	50%



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

2º.- Proceder á información pública no Boletín Oficial da Provincia e simultaneamente porase a disposición do público a correspondente documentación por un prazo de 15 días hábiles. Pasados os mesmos sen reclamación entenderase aprobada de forma definitiva.

Ponteceso,

O alcalde/ D. José Manuel Mato Martínez>>

O presidente abre o debate.

José Manuel Pose di que non está de acordo con que haxa persoal de confianza.

Fátima Rodríguez di que non lle parece axeitado habendo un goberno con seis persoas e con concelleiros sen retribucións que teña soldo unha persoa que non accedeu por sufraxio.

Roberto Alexandre Andrade di que vai votar a favor pero que ese persoal é un asesor persoal e que non vai permitir que ese asesor exerza ningunha autoridade nin dea instrucións ao persoal.

Xosé Lois García di que é un gasto superfluo e que parece que ese nomeamento non procede e que o seu grupo vai votar en contra.

O alcalde contéstalle que o grupo socialista non debe falar de asesores porque todo o mundo que está na sala sabe dos moitos asesores que tivo o grupo socialista durante oito anos con nómina e sen nómina, incluso dentro das dependencias municipais e dentro do mostrador da Casa do Concello.

Xosé Lois García di que hai que ser moi responsable co uso dos fondos públicos e que o seu grupo non coñece o currículo nin as competencias dese asesor e que por iso prefería unha dedicación exclusiva do primeiro tenente de alcalde.

O alcalde contéstalle que hai unha proposta do 1 de xullo de 2019 que recolle que Xosé Lois García percibe 47.758,03 e unha compañeira del 14.280, que non lle fale de igualdade e que teña coherencia, que puido baixar o salario se tanto lle preocupaban as contas do Concello.

Xosé Lois García di que o punto trata da contratación dun asesor ou cargo de confianza e que o seu grupo non se vai saír do punto e que vai respectar eses 100 días de diplomacia. Comenta que se pode falar de que o 8 de marzo ningún membro do Partido Popular estivo na concentración contra a violencia.

O alcalde dille que as cousas se demostran, que el non puido estar na concentración porque estaba traballando pero que o seu trato coas mulleres da súa casa, coas compañeiras de traballo, coas empregadas é respectuoso e sen desprezar a ninguén, cousa que o de Xosé Lois non o fixo. Non teño que ir a unha manifestación para mostrar o meu respecto pola muller como tampouco teño que ir a unha manifestación dos percebeiros para mostrarlles o meu apoio cando tres días antes estiveron coa conselleira de pesca loitando polos percebeiros de Corme.

O presidente somete a proposta a aprobación.

O Pleno do Concello aproba a proposta co voto de calidade do Alcalde dado que na votación inicial existe un empate de seis (6) votos a favor (3 do PP, 2 do PG, e 1 de AxP) e seis (6) votos en contra (4 do PSdeG-PSOE, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO)

10. Dar conta das Resolucións de Alcaldía

10.1. Nomeamento XGL

<< RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

D. Jose Manuel Mato Martínez, Alcalde-Presidente do Concello de Ponteceso (A Coruña)

Unha vez celebradas as Eleccións Locais, o pasado día 28 de maio, e constituído o novo Concello, resulta necesario proceder ó establecemento dunha nova organización municipal, e, en particular, á designación dos tenentes de alcalde.

Considerando que de conformidade co disposto polos art. 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en concordancia coas previsións da lexislación autonómica de réxime local contidas nos art. 62 e concordantes da Lei 5/97 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a designación dos tenentes de alcalde é competencia desta Alcaldía, quen deberá proceder ó seu nomeamento, mediante Decreto, de entre os membros da Xunta de Goberno Local e, onde esta non exista, de entre os concelleiros.

Logo de ver os artigos 20 a 25 do ROM

Tendo en conta o informe da secretaria municipal do 4.07.2023

Por todo isto, esta Alcaldía, en uso das atribucións que me confire a lexislación anteriormente mencionada,

RESOLVE

PRIMEIRO.- Nomear tenentes de alcalde deste Concello, ós concelleiros membros da Xunta de Goberno Local que a continuación se relacionan, que substituirán esta Alcaldía nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade:

Primeiro tenente de alcalde: D. Juan Vidal Torrado
Segundo tenente de alcalde: D Constantino Fernández Vila
Terceira tenente de alcalde: María Josefa Álvarez Bugallo
Cuarta tenente de alcalde: Raquel Fondo Pérez

SEGUNDO.- Establecer que, en caso de ausencia, vacante ou enfermidade desta Alcaldía, as atribucións e competencias que me recoñece a lexislación vixente, serán realizadas polo segundo tenente de alcalde.

TERCEIRO.- A estes efectos, esta Alcaldía, cando teña que ausentarse do termo municipal, establecerá mediante Decreto, a duración da súa ausencia, designando ó tenente de alcalde que teña que asumir as súas competencias.

De non conferirse esta delegación expresamente, esta Alcaldía será substituída polo segundo tenente de alcalde.

CUARTO.- Comunicar esta Resolución de Alcaldía ós tenentes de alcalde afectados, facéndolles constar que terán que manter informada a esta Alcaldía do exercicio das súas atribucións como Alcalde accidental, non podendo no citado exercicio, nin modificar as delegacións xa efectuadas por esta Alcaldía con anterioridade, nin outorgar outras novas.

QUINTO Dar conta ó Pleno do Concello desta resolución na sesión extraordinaria que se convoque, en cumprimento do previsto polo artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Xurídico das Entidades Locais.

SEXTO De conformidade co disposto no artigo 46 do citado Regulamento, os nomeamentos efectuados producirán efectos dende o día seguinte á firma do Decreto, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia, dando conta ó Pleno, na próxima sesión que se celebra.

O Alcalde- Presidente/ Jose Manuel Mato Martínez
Ante min, a Secretaria/ Antía Pena Dorado>>

10.2. Nomeamento de Tenentes de Alcalde

<< RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D. Jose Manuel Mato Martínez, Alcalde-Presidente do Concello de Ponteceso (A Coruña)

Unha vez celebradas as Eleccións Locais, o pasado día 28 de maio, e constituído o novo Concello, resulta necesario proceder ó establecemento dunha nova organización municipal, e, en particular, á designación dos tenentes de alcalde.

Considerando que de conformidade co disposto polos art. 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en concordancia coas previsións da lexislación autonómica de réxime local contidas nos art. 62 e concordantes da Lei 5/97 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a designación dos tenentes de alcalde é competencia desta Alcaldía, quen deberá proceder ó seu nomeamento, mediante Decreto, de entre os membros da Xunta de Goberno Local e, onde esta non exista, de entre os concelleiros.

Logo de ver os artigos 20 a 25 do ROM

Tendo en conta o informe da secretaria municipal do 4.07.2023

Por todo isto, esta Alcaldía, en uso das atribucións que me confire a lexislación anteriormente mencionada,

RESOLVE

PRIMEIRO.- Nomear tenentes de alcalde deste Concello, ós concelleiros membros da Xunta de Goberno Local que a continuación se relacionan, que substituirán esta Alcaldía nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade:

Primeiro tenente de alcalde: D. Juan Vidal Torrado
Segundo tenente de alcalde: D Constantino Fernández Vila
Terceira tenente de alcalde: María Josefa Álvarez Bugallo
Cuarta tenente de alcalde: Raquel Fondo Pérez

SEGUNDO.- Establecer que, en caso de ausencia, vacante ou enfermidade desta Alcaldía, as atribucións e competencias que me recoñece a lexislación vixente, serán realizadas polo segundo tenente de alcalde.

TERCEIRO.- A estes efectos, esta Alcaldía, cando teña que ausentarse do termo municipal, establecerá mediante Decreto, a duración da súa ausencia, designando ó tenente de alcalde que teña que asumir as súas competencias.

De non conferirse esta delegación expresamente, esta Alcaldía será substituída polo segundo tenente de alcalde.

CUARTO.- Comunicar esta Resolución de Alcaldía ós tenentes de alcalde afectados, facéndolles constar que terán que manter informada a esta Alcaldía do exercicio das súas atribucións como Alcalde



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

accidental, non podendo no citado exercicio, nin modificar as delegacións xa efectuadas por esta Alcaldía con anterioridade, nin outorgar outras novas.

QUINTO Dar conta ó Pleno do Concello desta resolución na sesión extraordinaria que se convoque, en cumprimento do previsto polo artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

SEXTO De conformidade co disposto no artigo 46 do citado Regulamento, os nomeamentos efectuados producirán efectos dende o día seguinte á firma do Decreto, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia, dando conta ó Pleno, na próxima sesión que se celebra.

O Alcalde- Presidente/ Jose Manuel Mato Martínez
Ante min, a Secretaria/ Antía Pena Dorado>>

10.3. Resolución de delegación de competencias así como reserva de competencias de Alcaldía

<< RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Unha vez celebradas as eleccións municipais, o pasado 28 de maio e constituído o novo Concello ou Corporación Municipal, resulta necesario e conveniente proceder ó establecemento da nova organización municipal e, en particular, á constitución da Xunta de Goberno Local, en exercicio da potestade de autoorganización que o art. 4.1a) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, recoñece a esta entidade.

Considerando o disposto nos art. 20.1.b) e 23 da citada Lei, que indica que “A Xunta de Goberno Local existe en tódolos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu Regulamento orgánico ou así o acorde o Pleno do seu Concello”, en concordancia coa previsión da lexislación autonómica de réxime local contida no art. 65.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, que establece que a Xunta de Goberno estará integrada polo Alcalde e un número de concelleiros non superior ó terzo do número legal deles, nomeados ou separados libremente polo Alcalde, que deberá darlle conta disto ó Pleno, así como os artigos 26 a 28 do Regulamento orgánico municipal aprobado definitivamente o 29-04-2009 e vixente dende 19.01.2023

Por todo elo, esta Alcaldía, no uso das atribucións que me confire a lexislación citada

RESOLVE

PRIMEIRO.- Que a Xunta de Goberno Local, presidida por esta Alcaldía, estará integrada polos 4 concelleiros que a continuación se indican:

Constantino Fernández Vila
Juan Vidal Torrado
María Josefa Álvarez Bugallo
Raquel Fondo Pérez

SEGUNDO.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria unha vez cada quince días, os primeiro e terceiro mércores de cada mes ás 9:30 horas, no salón de pleno do Concello. Non obstante, se as circunstancias o aconsellaran, a xuízo do Alcalde, poderá este convocar a sesión con carácter de ordinaria un día distinto e á hora que estime adecuada, respectando sempre a periodicidade mínima antes establecida e as normas legais sobre forma e prazos das convocatorias. En particular, serán criterios a ter en conta pola Alcaldía para a convocatoria das ordinarias para día



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

distinto do establecido como preferente, o feito de que tal día sexa festivo, a conveniencia dun maior estudio dos asuntos que se prevea tratar, a urxencia dos asuntos e calquera outros que xustifiquen razoadamente a decisión. Asemade a Xunta celebrará sesións extraordinarias e reunións deliberantes cando con tal carácter sexan convocadas polo seu Presidente.

O Alcalde poderá suspender a celebración das sesións da Xunta de Goberno Local do mes de agosto e alterar as de Semana Santa e Nadal, como consecuencia dos períodos vacacionais, cando isto non menoscabe a xestión dos asuntos municipais.

TERCEIRO.- A Xunta de Goberno Local terá asignadas as seguintes atribucións:

- Asistencia e asesoramento a esta Alcaldía no exercicio das súas atribucións.
- As atribucións que esta Alcaldía de forma expresa delega e que, a continuación, se expresan:

Delegar as seguintes atribucións do Alcalde na Xunta de Goberno Local:

1.- As aprobacións dos instrumentos de desenvolvemento do Plan Xeral de Ordenación Municipal non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

2.- A concertación de operación de tesourería que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento non supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior.

- Todas aquelas que lle atribúan as leis.

TERCEIRO.- As competencias delegadas exerceranse pola Xunta de Goberno Local mediante a adopción de acordos na forma determinada polo art. 113 do citado Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/1986, de 23 de novembro. Sen prexuízo do dito, esta Alcaldía resérvase a avocación daqueles asuntos que polas súas características particulares ou pola urxencia que tivesen deberan ser resoltos con prontitude e celeridade.

Efectos: Os acordos adoptados nas materias delegadas terán pleno efecto e o mesmo valor que as resolucións que dite a Alcaldía en exercicio das atribucións que non delegara.

CUARTO.- Comunicar esta resolución a todos os concelleiros afectados e ós diferentes servizos municipais, para o seu coñecemento e efectos.

QUINTO.- Dar conta ó Pleno desta resolución, na sesión extraordinaria que se convoque para dar cumprimento ó previsto polo artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

SEXTO.- A presente delegación de atribucións producirá efecto dende o día da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

O Alcalde- Presidente/ Jose Manuel Mato Martínez

Ante min, a Secretaria/ Antía Pena Dorado (conforme cos aspectos xurídicos)>>

Non hai máis asuntos para tratar.

O presidente remata a sesión ás 20:44 h do dezasete de xullo de dous mil vintetrés e eu redacto esta acta.

O presidente

Dou fe
A secretaria



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

José Manuel Mato Martínez

Antía Pena Dorado